



Morte e vida das palabras

Ana acuña Trabazo

“¿Dónde están ahora las cien maneras de decir mariposa?” (B. Atxaga)

Hai anos, Marín formaba unha “unidade cultural e social da rexión natural e antropolóxica que é o Morrazo”¹. Daquela era normal para as persoas das parroquias do interior do concello (Santomé, Campo e San Xulián)² desprazárense a pé por toda a comarca.

Nesta colaboración³ queremos recordar algúns dos traballos e festas comunais que implicaban o intercambio poboacional e cultural dentro do Morrazo. A relación traía consigo, ademais, o intercambio e a conservación dun léxico e dunha literatura oral propios. Elementos estes dous que hoxe se desfán ó tocar o chan do presente⁴.

1. A alimentación: a froita e o gran

1.1. Un elemento que propiciaba a relación interparroquial e entre os concellos do Morrazo era a venda de froita, maiormente as mazás. Así, as mulleres da parroquia de Santomé transportaban, en grupo, as mazás ata Bueu, Marín ou Moaña.

Con sestas de masán a vender a Marín, Moaña, Bueu, e peras, ameixas, pexeghos. (Dolores e Pura, Santomé)
Con sestas de masáns. Masáns a cambio de peixe en Moaña. Vender a Seixo e Marín masáns. (Dolfina e Amelia, Santomé)

Coa desaparición desta actividade ambulante⁵ vanse perdendo os nomes específicos das clases de mazás e de peras:

Había as masáns do sedo que eran manxavella, San Juan, Santiagho, estrugha; e as masáns do tarde que eran Pardavila, pel de sapo, Redondela, repinaldo. (María, San Xulián)
Masáns do río ou ratiñas (a mellor), de xepe, de Santa María, dulsiñas, repinaldos.
Peras de urraca, verde largha, fariñentas ou portuguesas, peros pardos, peros asedos, peras pardas, de manteca, de vasín. (Dolores e Pura, Santomé)

1.2. Outro elemento, básico na alimentación dos nosos maiores, era o millo. Este, por unha parte, era un elemento de traballo comunal, por exemplo, nas esfolladas.

Nas esfolladas daban castañas e máse unha xerra de viño. E despois dístanlle aquel refrán “as esfolladas do millo non dan proveito a ninguén, mandei a miña muller a unha e esfolláronma tamén”. (Felisa, San Xulián)

Iamos mosos e mosas á esfollada. Cando aparecía unha espigalha que lle chamaban un rei, qu’era de colore encarnado, pois os mosos andaban a tras das mosas por riba das espigas a fregarlle as barbas. E nós a correre polo medio do millo. Eu non me movía da morea e xa non me tocaban. Díxalle “Vai a tras daquelas que están metidas no medio do follato”. (Victoria, San Xulián)

Cando se topaban os reis había abrasos e esas cousas. (Leonardo, Ardán)

O esmorecemento do traballo comunitario do millo conleva a desaparición do léxico relativo aos tipos de espigas segundo a cor. Agora que se sementa, maioritariamente, o millo amarelo⁶ pérdese unha rica nomenclatura: millo pego, millo corvo, reis, raiñas,



Millo Corvo

espighas das almas, teresitas...

Por outro lado, o millo asociábase á alimentación e ao traballo da moenda e da amasadura. Velai unha nova mostra das relacións interparroquias cando se acudía co millo aos muiños (para moer e, posteriormente, facer o pan):

Iamos a Santomé ós muiños eu e mais Delores. Ía Prefeuto o Santo. Chamabamos por el máis de catro veces, outras veces non chamabamos. E marchabamos d'equí ás seis da mañán. Chegamos alá, en tempo de vran, eí polas oito. E despoise poñiamos elí os sacos e iamos ós campos. Eu, como era a máis pequena, botaba a aghua pos muiños e tapaba en tod'os campos. E iamos moer ó muiño da Veigha, <des> pois era o de Fóra, había o da Cova, había o de Erbeiro, había o de Curuxo. Había varios per<o> nós sempre iamos ó da Veigha. E entonses estabamos moendo, as' iamos á mañán e tiñamos frío e iamos á leña por aqueles montes arriba. E había masáns, fasiabamos un foleón e asabamos masáns. (María, San Xulián)

Na nosa casa cosiamos de quínse en quínse días, no máis, porque era cando era o muiño. Fasiamos seis ou sete pans. Había a hucha do pan e despois había un pausiño pa amasar e chamabámolle a empilladeira pa empillar. Despois pró forno, pa sacar o rescaldado tiñamos un pau vello e o que no<n>, unha aixada, chamabámoll'o cachado'. E tiñámolle un pau pa revolvelo, pa foscallalo, pa que no<n> estivera sempre xunto o braseiro porque, se estaba xunto, por baixo non che cosía o pan. Era o foscalladoiro. A escoba era o varredoiro de trapos, e outros varrían cunha xesta pero a xesta queimábase. Despois de arrastrar co cachado, despois varriábase co varredoiro aquel. Disiámoslle:

Eu te bendigho pansiño do forno, pa ricos e probes, pra quen te coma.

E un Padre Nuestro e un Ave María polas almiñas que faltaron na casiña.

(Pepa, Santomé)

2. O vestido: o liño e a la

Os traballos do liño e da la permiten a relación entre mozos e mozas da mesma parroquia e de parroquias distintas.

Viñamos de Sela e había unha veigha de liño. E despois ese liño había que pañalo ante o día e tocounos a pañar o día que viñamos da festa de Sela. Entonses había mosos e viñan mosos pra tumba-lo liño, antes d'empesar a pañare.

O liñar é ir pañar o liño e mais levalo ó poso a curtir. E despois había que tendelo nun campo ós oito días. E despois masalo e restelalo, había un restelo. E despois había que mallalo e fase-lo fio, qu'había as masarocas pa fiare. (Elvira, San Xulián)

Tamén se fiaba a lan das ovellas, ripábase aquela lan ben aqueladiña.

Eu xuntei rabichos das costureiras e despois leveinos a un teselán que tesía en Ardán. E fixo unha manta toda de rabichos. (Elvira, San Xulián)

Este ano hai moito liño e tamén moita oresta as mosiñas qu'hai aghora teñen os cornos na testa. (Pepa, Santomé)

3. O gando: coidados e reprodución

Para os coidados do gando os habitantes dunha parroquia trasladábanse, en grupo, ata outra na procura de toxo para estrumar ou na procura dun boi de "puesto"⁸:

Xuntabámonos dous ou tres carros de dúas ou tres casas e ibamos e axudabamos uns ós outros. (Pepa, Santomé)

O monte tamén era un lugar para outros habitantes:

Desía a defunta de miña nai que unha ves andaba disque un rapas no monte coas ovellas e que veu seica un bicho, unha culebre. Aquilo era un encanto, sabes? Era encanto que estaba pa salire e colleu o rapas, disque era un chaval, sacoulle a flor. E disque topou un monte de ouro e pañou mentres pudo. Pero despois saleu outro encanto outra ves. Sacoulle unha flor que traía na boca, era como unha culebre. Era un encanto. Alghún tempo falábase diso, al'arriba na cachada, chámanlle o Pinal do Souto, onda a Fonte Laghoa naque-

les outeiros ghrandes. Aqueles outeiros ghrandes chámanlle os Outeiros d'Area e disque había alí un encanto. Eu teño andando a pañar no toxo nunca mirei nada. E disque a porta que disque era a nosa cachada na Fonte Laghoa, era por onde entraba o encanto. (Lola, San Xulián)

Disque había o tesouro dos mouros. En Jaján chamábanlle As Posas, eí disque os mouros tiñan ouro. E despois hai alá enriba de Sela, hai un outeiro moi ghrande, chámanll'o Castelo, eí era onde mallaban o trigo, disque, os mouros. Disque hai un chan moi ghrande.

Disían que había un encanto tamén eí no lavadero de Allarís. Era unha mosa que salía a peinar e que tiña cartos aghachados. "Mira, hoxe salín en figura de mosa pero mañán sálgoche en figura de culebrón, hei traer unha flor na boca e sácasma coa túa boca, pero quedas millonario e non traballas máis". O fulano foi e díxolle: "Ai, Dios mío". Díxolle ella: "Ai, se en ves de disir Dios mío dixeras raio te parta ou isto, inda escapabas. Pero esí como falache en Dios non é nada. Quedo encantada outros sen anos."

Contábao a defunta da miña abuela da mosidá dela.

Disque o día de San Juan salían a peinarse eí embaixo, chámanlle o río de Namescosa. (Pepa, Santomé)

As actividades máis lúdicas supuñan sempre as relacións e a translación interparroquial ou dun concello a outro. Así, era normal entre os habitantes de San Xulián e Santomé desprazárense andando ata Santa Cristina de Cobres, San Adrián de Cobres, Cela, etc.

Algunhas das festas cíclicas do ano máis celebradas, e unidas a mostras de literatura oral, eran:

1. Os Reis

O mes de decembro e o de xaneiro caracterízanse polos cantos comunais. En Marín os máis celebrados eran os cantos de Reis:

Saliámos ás sinco da tarde d'aquí con ghaiteiros. Levabamos un farol. Dous homes que iban diante e petaban á porta "Eh! Dá entrada?" A maioría dan <entrada> e os homes cantan as pernadas:

*Aquí venimos los reies dispuestos para cantar,
si ustedes nos dan lisenxia los vamos a emprinsipiar.*

*Ai bendita sea esta casa y el cantero que la hiso,
por dentro tiene la luna y por fuera el paraíso.*

*Ai polainas, miñas polainas, non me vou d'aquí sin elas
que me preghuntan as mosas tódalas noites por elas.*


*As mosiñas p' o sobrado, as vellas p' o corredore,
se nos dades un ghueviño cantamos moito mellore.*

*Con tanta pista, con tanta pista, ai sin veighas imos quedar
e sin os reghos da aghua pa este ano reghar.*

*Ai dainos algo dainos algo, ai dainos anque sea pouco:
dainos un pernil enteiro e mais un anaco doutro.*

*Ai nesta casa entra Dios con mucha seghuridá,
también entre la salú qu'es contra la enfermedá. (...)*

Toda a noite de reis, do día sinco ó seis van polas casas por aí a cantar. Á mañán, despois da misa de reis, van á casa do cura e aquela é a última. (Leonardo, Ardán)



Capela dos Santos Reis.

Foto: Salvador Castro e Manuel Aldao

2. O entroido

O entroido, como elemento de relación entre concellos e parroquias⁹, sálenta tamén como costume envolto nun

proceso de aculturación. Así, os disfraces tradicionais desaparecen en favor dos importados:

Había os traxes, as saias esí coa sinalefa por equí e rojas, a saia de malietón. Iban vestidas d'aldeana e o fulano de labregho. E <des> pois levaban a súa escolta. Ib'aldeana e mais o labregho e <des> pos ib'a máscara con outro compañeiro.

Unha ves eu e más Josefina a d'equí tantos ghranses, tantos ghrans daqueles reis <debullamos> que fixemos cadenas esí nos fíos. Fixemos collares e mais pulseiras. (Felisa, San Xulián)

3. As cornetadas

A unión daqueles non pasaban pola igrexa daba pé á creatividade literaria e artística comunitaria:

Acórdame a min qu'era rapasa eu e hubo a cornetada aquí mesmo. Ós que s'amighaban fasíanlle a cornetada. Eran muñecos <feitos> , como eran eles mesmos. Ela traía un pano de alfombra abufandada e el un sombreiro. E tirábanlle por un cordel d'ei e mais d'elí e bicábanse porque era el e mais ela. E cando lle iban a dar o pau tiraban, endalí xa non escaghallaban os muñecos. Xa lle fasían esí os brazos, entonses ó viren abrasábanse. E tiraban o cordel d'elí e mais d'equí e xa se separaban. (Victoria, San Xulián)

Mostra das coplas dunha cornetada celebrada nunha parroquia veciña:

*Santa Bárbara bendita dos artelleiros patrona,
daime virtud e alento e enerxías e memoria
para referir de contado o que pasa na parroquia.*

*Era un tempo moi antaño que creo ninguén recorda
desde o tempo dos árabes que fanatisou Mahoma.
El chámalle Carcamonía e de apelido Carcamona,
é fillo de San Carqueixo, neto de siña Xiroma,
come fumes con caroso qu'arde debaixo da ola.
Naseu no Cantodarea e casouse na Comboa,
hai cousa de nove anos, cunha espléndida mosa
que Dios lla levou hai pouco-i alá descansa na ghloria
por el darlle mala vida e dalo Dios tan cacholas.
Viúdo de pouco tempo, embarcouse pra Coruña
por ver se alá encontraba unha que ll'apaghara
os seus fratos que tan trastornado o puñan.
Tan presto como chegou, presumindo na fortuna,
foille faser o amor a unha nena labradora
desíndolle que tiña de seu barcos de pareja, de motora
e que se con el casaba tería ghran fortuna.
Tan pronto como s'enterou un compadre qu'ela tiña
de que todo era parodia e que non tiña de seu
nin un bote para pillar xoubas nin un calsón,
meus amighos, para tapa-las súas verghonsas,
arreoulle na cabeza máis de setensentos paus que crearon bicharocos.
O probe, véndose escatimado, escapouse da Coruña
dentro do barco Quevedo, escarranchado na proa
sin poder descansar na cama coa tristura.
Tan presto como cheghou foise a xunta dunha novia
que tiña xa do antano dunha edá xa madura.
A novia véndoo escatimado doull'os cartos pra onha roupa
pro amor de ver o seu noivo vestido com'os das outras.
Tan presto como o viu ó lombo, con máis gharbo que un de Portas,
foi namorar a Cucú esquenséndose da outra.
Cucú é vesíña do lughar e todos saben de sobra
que é filla do Barbiscas e neta d'Antón das Botas.*

*Cucú é unha rapasa moi limpia, moi espabilada,
maiormente de cosiña, pra escamar unhas piardas
e cosiñar un xantar con pementos e patacas.*

*E, cando é que lava a lousa, lávaa nunha presa d'augha
pola parte de riba de onde ela ten a casa.*

*E, despois de tela limpia e branca coma unha prata,
lévaa toda nun brasado cos orinales mescrada
sin mirar qu'había un pouco inda algún deles cheiraba.*

*Un día Carcamonia foise onda o pai con moita charla,
desíndolle que a quería e que con ela casaba
se el lle daba o premiso e mais lle daba unha manda.*

Don señor Barbiscas respondeulle desta sorte en palabras castellanas:

*-Oiga usted su buen amigo, desenrellador de muchachas,
¿a que viene usted a mi porta con semejantes jaranas?*

*Arriédese de mi porta que le rompo la cachaza,
y lo diejo espatelado contra el chan como una raia.*

*Entonces Carcamonia para darse importancia
respondeulle en esta sorte en palabras andaluzas
cousas que hasta me dan rabia:*

*-Oiga usted su buen amigo, zepa usted como me trata
¿usted cre que zoi algún cañi que con el ghuzanillo ze mata?*

*Zi ze pone con jaquecas, zi me niegha la chavala,
eza eztrella framante, eze zol de mi esperanza
con más miel que una colmena y más sal que la mar salá,
le apaño por el pescuezo y l'aprieto la gharxanta.*

*Entón o señor Barbisca, pónoselle de punta a barba,
botou man atrás da porta*

*empuñándose unha tranca de carballo qu'ali tiña,
na cabeza ll'arremanga semejante batucaso
que o deixou desatentado.*

*Entonces Carcamonia botou [] pra casa
pinchando montes e vales coa cabeza desatentada.*

*E a pinchar nos estripeiros as espiñas se lle cravan
na señal deste cristiano que por pouco lla destragho.*

*Cucú tuvo máis de dose novios, case que todos raros:
catro eran do lughar, tres de Vigho, dous de Cangas,
un da parte de Beluso, outro de rasa cubana,
hasta tuvo un portoxés deses de rasa finxada
que disen que son compretos pra iso trocan a ialma.*

*E ahora Dios lle aparou este para tapa-las súas faltas
e para pagha-las soberbias que por outros ten botados.*

*Dios nos fagha ben amados e que el vos quite a fada
que se non casados logho ha d'haber pano pra mangas.
(Esmeralda, San Xulián)*

Remate


*“nacerían restas de grilandas, papaventos
trenzas mazarocas de millo pegho” (Elvira Riveiro)*

Con estes exemplos de traballos e festas comunais quixemos mostrar as relacións, estreitas no pasado, entre os habitantes dos concellos do Morrazo. Moitos deses labores desapareceron (levar a vaca ó boi, o liñar, as cornetadas...) ou están a piques de facelo (moer no muíño, esfollar no millo...). Outras actividades comunais

están a sufrir un proceso de aculturación sorprendente (entroido) ou revitalízanse como evento gastronómico (festa da sidra).

A extinción destas formas de vida trae consigo, tamén, a desaparición do léxico e da literatura popular que as acompañaba. Quen sabe hoxe que é a empilladeira ou que significa atopar un rei nunha esfollada? A fala vaíase perdendo e agora son os dicionarios os lugares nos que hai que estudar o vocabulario esquecido.

Con todo, hai actividades que supoñen a recuperación e a conservación dos sinais de identidade por enriba da simple festa gastronómica ou do simple conservadurismo de museo ou dicionario. Neste sentido, podemos afirmar que a festa do millo corvo fai andar as palabras.



¹ X.L. Méndez Ferrín: "Festa do Naseiro" en *Un escritor nos xornais*, Santiago, Universidade de Santiago, 2001, p. 120

² Estas son as parroquias máis interiores fronte ás de Marín, Seixo e Ardán que tocan o mar.

³ Para a nosa descrición baseámonos no traballo de campo e nas gravacións realizadas dende o ano 1992 (con maior intensidade no ano 1995 grazas a unha bolsa do Consello da Cultura Galega) en tódalas parroquias do Concello de Marín. A nosa transcripción é fiel e respecta as variedades utilizadas polos informantes (castelanismos, seseo, gheada...). Vaia por diante o noso agradecemento a todos os que nos cantaron os Reis, ós que nos levantaron a panetilla, ós que nos rezaron e riron, ou mesmo choraron, connosco.

⁴ B. Atxaga: *El hijo del acordeonista*, Madrid, Alfaguara, p. 82

⁵ Con todo, creouse a festa da sidra na parroquia de Santomé.

⁶ Na parroquia de San Xulián a presenza maioritaria do millo amarelo débese a que a planta é máis baixa e, polo tanto, dóbrase menos co vento.

⁷ En San Xulián denomínase "rodo".

⁸ En San Xulián era habitual o desprazamento ata o concello de Pontevedra tanto para pañar no toxo como para levar a vaca ao boi.

⁹ Existiu moita vinculación entre a parroquia de San Xulián e a de Santa Cristina de Cobres, de onde viñan pedir empesado ouro para as famosas "madamas".